

Enigma e memoria

Presenta Agustín Fernández Paz a súa última novela baixo un innovador, orixinal e inédito entre nós “como se fixo”, organizado por Edicións Xerais, e co que percorre diversas cidades galegas, nas que o autor vilalbés desvelou ou desvelará boa parte das súas estratexias, do seu modus operandi na composición e artellamento deste *Corredores de sombra*.

Chama a atención, por novedosa, esta presentación tan singular dun libro sobre o que conjecturo a mellor das sortes entre os lectores; entre os lectores tradicionais de Fernández Paz, que os ten e son –somos– léxion, mais tamén entre aqueles que senten, talvez, certo pudor ou certo distanciamiento por achegarse á obra dun autor clasificado, para mal ou para ben, dentro diso que se dá en chamar “literatura infantil e/ou xuvenil”. Resulta unha verdade de pé de banco, mais de cando en cando se cadra cómpre lembralo, que Fernández Paz é un autor que ben quererían ter para si outros sistemas literarios más ou menos próximos pois a súa apostila pola ideación e realización dunha narrativa digna e de prestixio para o lectorado galego máis novo –no que desenvolveu un máis que apreciable traballo iniciático para a incorporación de milleiros de lectores para as nosas letras que algún día cumplirá reconhecer– non está reñida co feito de que os seus exercicios creativos non poidan ser degustados, e con fruición, por lectores más adultos. Abofó que este *Corredores de sombra* que nos ocupa é un caso paradigmático do que afirmo.

**AUTOR É QUEN
DE DEITAR O
EMPREGO DUNHA
EVIDENTE
PLURALIDADE DE
TIPOLOXÍAS TEXTUAIS**

Esta súa última novela vén pechar, dalgún xeito, o que se deu en chamar xa “a tríloxia das sombras”, constituída por *Noite de voraces sombras* (Xerais, 2002) e o relato longo “As sombras do faro”, incluído en *Tres pasos polo misterio* (Xerais, 2004). Ninguén dubida

Nos corredores de sombra

 RAMÓN NICOLÁS



que entre elas hai certo aire de familia mais teño para min que o título que nos ocupa resulta más saliente polo esforzo tensional que o domina e mais pola dosificación tan acaída da trama. Unha trama que abala entre a descuberta e resolución dun enigma, neste caso cifrado na personalidade dun cadáver descuberto nun pazo e as causas da súa

morte, e ese proceso de ir adquirindo consciencia do propio pasado familiar que proxecta mestas sombras sobre o presente, sombras que en ningún momento aparecen edulcoradas ou eufemisticamente presentadas.

Fernández Paz deita aquí, servíndose desa procura teimuda que a protagonista leva a cabo para solventar incógnitas, razóns, causas..., e que aos poucos a vai introducindo nun mundo no que xa non hai inocencia, o que boa parte de lectores e crítica lle recoñecen dese hai ben tempo con xustiza: o emprego dunha evidente pluralidade de tipoloxías textuais –epístolas, frag-

mentos de diarios, incorporación de textos provenientes de entrevistas, testemuños orais, entrevistas... – que rompen a monotonía dunha única perspectiva; milimetrada e estudiada estrutura; solidez e claridade conceptual; axilidade narrativa; forza descriptiva, dominio excepcional e verosímil do diálogo, lograda configuración dos personaxes..., elementos, todos eles, que contribúen de maneira efectiva, neste caso, a recompor un quebracabezas de xinea particular e propio do ámbito de ficción, mais extremadamente operativo para afondarmos nunhas coordinadas históricas e sociais concretas como son as da guerra civil e a da inmediata posguerra. Outra volta á torniqueta no amplio e celmoso percorrido narrativo de Fernández Paz, sen dúbida.

**FERNÁNDEZ PAZ,
Agustín, *Corredores de sombra*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 220 páginas**